

8.º CONCURSO COCA-COLA NOVOS TALENTOS PREMIO DE RELATO CURTO EDICIÓN 2015-2016

COCA-COLA IBERIAN PARTNERS, SA

Coca-Cola Iberian Partners, SA (en diante, CCIP), conxuntamente coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, convoca o Concurso Coca-Cola Novos Talentos – Premio de Relato Curto de Galicia.

O obxectivo do concurso é promover o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura entre os alumnos de 2.º da ESO e axudarlles aos participantes a intentar cumprir o seu soño de se converteren en escritores a través deste concurso literario que se consolidou como un dos máis importantes do país.

Estes termos e condicións establecen as normas de participación no concurso e a participación no dito concurso implica a súa aceptación.

A participación no concurso implica a aceptación daqueles.

BASES DE PARTICIPACIÓN

I. REQUISITOS

Poderán participar aqueles escolares que cursen 2.º curso da ESO, a condición de que non superen a idade máxima de participación de 16 anos, a través dos colexios/institutos onde se realicen os devanditos estudos (en diante, centro escolar).

Para participar, os escolares deberán realizar, con carácter previo á convocatoria do concurso, un relato curto de acordo cos termos e condicións do concurso.

Os termos e condicións do concurso atópanse na páxina web <http://estaticos.cocacola.es/bases/cjt/terminos-y-condiciones/Otros-idiomas/Galicia.pdf> desde o 15 de outubro de 2015.

II. FASE ESCOLAR

- Contacto con CCIP
 - Con carácter previo á convocatoria do concurso, CCIP poñerase en contacto cos centros escolares para lles facilitar información sobre o concurso.
 - Os centros escolares que desexen participar no concurso e que non fosen contactados por CCIP poderán descargar libremente os materiais do concurso na web <http://concursojovenestalentos.cocacola.es/materialesytrucos> ou ben poderán solicitarllos por teléfono ou correo electrónico a CCIP (datos dispoñibles na sección “Contactos” da web do concurso: <http://concursojovenestalentos.cocacola.es/contacto>).

- Elección de alumnos representantes de cada centro escolar

Por cada centro escolar, os profesores seleccionarán dous alumnos de cada clase de 2.º da ESO, de acordo cos seus criterios, para participar na proba escrita.

- Cada centro escolar organizará o seu propio sistema de selección dos dous alumnos de cada clase de 2.º curso da ESO que representarán o centro na fase provincial do concurso. Desde a organización do concurso, recoméndase que a selección dos participantes se realice de forma consensuada entre profesores e alumnos e con base nuns criterios obxectivos establecidos previamente.
- Ata o 20 de febreiro de 2016, os centros escolares, a través do profesor de contacto, comunicaranlle por medio da folla de inscrición (ver anexo II) a CCIP e/ou á persoa responsable do concurso na súa provincia, os nomes dos dous alumnos representantes designados por cada clase para participar na proba escrita. No caso de que os devanditos alumnos fosen menores de 14 anos, deberán contar coa expresa autorización por escrito dos seus pais ou titores (ver anexo III).

III. FASE DE REDACCIÓN (PROBA ESCRITA)

1. PROBA ESCRITA

O día 11 de marzo de 2016 terá lugar en todas as provincias galegas unha proba escrita á que concorrerán os alumnos designados por cada centro escolar, agrupados por sectores*.

* Sectores: o territorio de Galicia dividirase en sete sectores para lles dar máis posibilidades aos participantes daqueles lugares onde compitan moitos escolares.

2. NORMAS PARA A PROBA ESCRITA

- Todos os alumnos participantes deberán acudir á proba escrita debidamente identificados co seu DNI ou co Libro de familia.
- Os alumnos designados por cada centro escolar presentaranse no lugar e na hora sinalados por CCIP para realizar a proba escrita, que consistirá na elaboración dun relato.
- O relato deberá realizarse no papel oficial do concurso, que estará numerado e que se repartirá ao comezo da proba por parte de CCIP. Estes folios levarán un número como identificación. Cada participante ha de cubrir a cabeceira dos folios cos seus datos persoais (nome, centro escolar, código postal, provincia, sector e cidade) e escribirá no espazo correspondente da folla o nome da súa provincia.
- O tema será proposto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e permanecerá en segredo ata o día da realización da proba.
- As claves que deberán seguir os alumnos o día da proba para elaborar o relato estableceranas os organizadores do concurso expresamente para esta proba.
- O relato terá unha extensión máxima de dous folios, por unha soa cara, e non poderá ir asinado.

- Ao finalizar a proba escrita e no momento da entrega do relato, a organización separará de cada relato a cabeceira deste, na que constan os seus datos persoais, para que a conserve un representante autorizado de CCIP ata que se publique a convocatoria do concurso, momento no que todos os relatos de cada centro escolar se lle entregarán ao xurado territorial para a súa avaliación e sen referencia ningunha que permita identificar os autores. Deste xeito, a organización conservará, por unha banda, a parte do folio que contén o relato (co número de identificación) e, por outra, a parte do folio que corresponde aos datos persoais, de maneira que quede garantido o anonimato dos concursantes.

IV. FASE TERRITORIAL

1. XURADO TERRITORIAL

- Cada sector someterá os seus participantes á avaliación dun xurado territorial, que elixirá cales son os tres mellores relatos de entre todos os presentados en cada sector. Haberá, por tanto, un total de 21 finalistas, tres para cada un dos sete sectores.
- CCIP comunicarlles o ditame do xurado territorial aos profesores dos tres alumnos seleccionados por cada sector durante o mes de maio de 2016.
- O xurado territorial estará formado por autoridades educativas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, por profesores de centros escolares e/ou representantes do mundo literario e por medios informativos. O dito xurado xulgará, durante o mes de maio, a clasificación dos finalistas de cada un dos sete sectores e outorgarlles a cada un deles a cualificación de Bronce, Prata ou Ouro, segundo se valore a calidade dos seus relatos.

2. PREMIOS

Segundo a clasificación establecida polo xurado territorial, os premios que se van outorgar son os seguintes:

- Premios Ouro:
 - 1) Unha medalla Coca-Cola Ouro.
 - 2) Unha tableta valorada en 250 € ou un premio de valor equivalente.
 - 3) Unha bolsa de deporte con artigos Coca-Cola.
 - 4) Un paquete de experiencias valorado en 60 € para o profesor do finalista.
- Premios Prata:
 - 1) Unha medalla Coca-Cola Prata.
 - 2) Unha cámara de fotos valorada en 100 € ou un premio de valor equivalente.
 - 3) Unha bolsa de deporte con artigos Coca-Cola.
 - 4) Un paquete de experiencias valorado en 60 € para o profesor do finalista.
- Premios Bronce:
 - 1) Unha medalla Coca-Cola Bronce.
 - 2) Uns auriculares MP4 valorados en 90 € ou un premio de valor equivalente.
 - 3) Unha bolsa de deporte con artigos Coca-Cola.

- 4) Un paquete de experiencias valorado en 60 € para o profesor do finalista.

A entrega de premios terá lugar entre finais de maio ou principios de xuño de 2016, nunha data e lugar que determinarán conxuntamente CCIP e a Xunta de Galicia. Convocaranse ao acto os 21 finalistas e outorgaráselles os paquetes de premios segundo a categoría na que estivesen seleccionados.

V. FASE FINAL

1. PARTICIPACIÓN

Os sete finalistas, un por cada un dos sectores, que obteñan a mención de Ouro na clasificación do xurado territorial pasarán á fase final do concurso.

2. XURADO FINAL

Un xurado final, composto polas mesmas persoas do xurado territorial, examinará e considerará os sete relatos galardoados coa distinción Ouro e, de todos eles, escollerá un, que será considerado o gañador final do concurso, con base nos criterios obxectivos que determinará previamente o propio xurado final.

3. PREMIOS FINAIS

O premio final entregaráselle ao gañador nun acto organizado por CCIP e ao que asistirán os sete finalistas. No mesmo acto, entregaráselles aos sete finalistas o material informático que corresponde ao conxunto de premios da categoría Ouro, así como o agasallo correspondente aos seus profesores.

De entre os sete finalistas, escollerase un gañador final de concurso que será premiado coa asistencia a unhas xornadas literarias multiculturais que poderán comportar o desprazamento do galardoado a outra cidade do territorio español; neste suposto, todos os gastos derivados do desprazamento estarán incluídos no premio.

No caso de que os pais e/ou os tutores do gañador final do concurso non autorizasen a súa aceptación do premio, con todas as consecuencias que este comporta e nos termos do establecido no punto VI seguinte, este premio final sería asignado ao segundo finalista, e así de forma sucesiva ata que se produza a aceptación efectiva deste premio final, de forma que este non quede deserto en ningún caso.

VI. NORMAS DO CONCURSO

1. Os centros escolares que presenten ao concurso os seus alumnos de 2.º curso da ESO, e que sexan menores de 14 anos, o día da proba deberán achegar a folia de inscrición (ver anexo II) dos alumnos, as correspondentes autorizacións (ver anexo III) previas dos pais/nais ou tutores debidamente asinadas e acompañadas dunha fotocopia do DNI ou do Libro de familia do menor, e hanlles de dar coñecer estes termos e condicións do concurso. A organización non se fai responsable de que non se cumpra esta norma por parte do centro escolar que representa o alumno seleccionado para a proba escrita.

2. Todos os xurados do concurso avaliarán os relatos atendendo á súa imaxinación, argumento, coherencia, composición, presentación e corrección gramatical. O veredicto dos xurados será inapelable.

3. A mera presentación ao concurso suporá a aceptación tácita das normas contidas nestes termos e condicións do concurso por todos os participantes/centros escolares/pai/nai ou titor e profesores.

4. Os premios non poderán ser trocados por diñeiro nin por ningún outro premio e a súa entrega estará suxeita ao disposto en materia fiscal.

5. CCIP determinará a que se destinarán as xornadas multiculturais que constitúen o premio final, así como as datas, os lugares de encontro, os medios de transporte, os servizos adicionais e todos os aspectos destas. O gañador non poderá variar ningún destes puntos e só poderá aceptar o premio tal e como se lle ofrezca.

6. CCIP terá o dereito de modificar calquera aspecto das xornadas literarias multiculturais a condición de que as circunstancias o xustifiquen e de que se garanta a seguridade do gañador, e non será responsable se, en caso de folga, guerra ou quebra, a compañía de transporte contratada non puidese cumprir coas súas obrigacións en relación co premio, no caso de que este comportase algún desprazamento por parte do gañador.

7. O alumno gañador do premio final non poderá gozar das xornadas literarias multiculturais sen a autorización previa e por escrito do pai/nai ou titor. Para gozar das xornadas literarias multiculturais, o alumno gañador do premio final, en caso de que sexa menor de idade, deberá dispoñer de DNI ou pasaporte vixente no momento de iniciar a viaxe, así como dunha autorización de viaxe compulsada pola policía, no caso de que o alumno non tivese pasaporte e tarxeta sanitaria con cobertura en territorio español e estranxeiro, todo iso no caso de que as referidas xornadas se desenvolvan fóra do territorio español. Sexa como for, o alumno gañador do premio final asistirá á gala previa das referidas xornadas multiculturais acompañado do seu profesor ou ben do seu pai/titor.

Ao día seguinte da celebración da gala previa, os adultos responsables do alumno gañador que o acompañen (profesores ou pais/titores) retornarán ás súas cidades de orixe e o alumno gañador quedará sometido ás consideracións establecidas para a autorización de viaxe que se achega como anexo IV.

8. No caso de que un pai/nai ou titor non aceptase o premio asignado ao alumno gañador, de que non autorizase o seu gozo ou de que non tivese vixente a súa documentación, este premio sería asignado ao segundo finalista, e así de forma sucesiva ata que se produza a aceptación efectiva deste premio final, de forma que en ningún caso quede deserto.

9. Os relatos participantes no concurso e non clasificados na fase territorial serán postos á disposición dos seus autores para a súa devolución durante seis meses, unha vez transcorridos seis meses desde a entrega dos premios territoriais. Durante os 6 primeiros meses, estes traballos poderán ser publicados nos medios informativos, utilizados en edicións dixitais, producións audiovisuais ou editados en libros e folletos como material didáctico do concurso, ou empregados para calquera outro fin que Coca-Cola Iberia estime conveniente, pero en ningún caso a utilización destes textos terá ánimo de lucro.

Se unha vez transcorridos os períodos arriba indicados, é dicir, 6 meses + 6 meses, non se recollen os relatos e se non resultasen “clasificados na fase territorial”, CCIP procederá a destruílos.

Porén, se os relatos fosen “clasificados na fase territorial” e estes non fosen recollidos polo autor no prazo de 6 meses + 6 meses, CCIP poderá gardalos durante un prazo de 5 anos.

10. Datos persoais

O tratamento dos datos persoais dos alumnos clasificados, dos gañadores, dos profesores representantes dos centros escolares e, se é o caso, dos acompañantes (en diante, tamén denominados todos eles “os interesados”) levarase a cabo segundo o exposto nestes termos e condicións do concurso. De acordo co anterior, a mera participación no concurso implica necesariamente a aceptación expresa por parte dos interesados do tratamento dos seus datos persoais de acordo co descrito nestes termos e condicións do concurso.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), Coca-Cola Iberian Partners, SA (en diante, CCIP), con domicilio social en Paseo de la Castellana, 259C, Torre Cristal planta 9.ª, 28046 Madrid, informa os interesados de que os datos persoais que se faciliten para participar neste concurso serán almacenados nun ficheiro responsabilidade de CCIP, consonte os seguintes termos e condicións.

a. Finalidades de tratamento e cesións dos datos dos interesados

Os datos dos alumnos que participen na proba escrita e dos gañadores do concurso nalgunha das súas fases serán tratados por CCIP coas seguintes finalidades, que teñen carácter enunciativo pero non limitativo:

- Xestionar a súa participación no concurso e verificar, en caso de resultar gañador, que o interesado cumpre cos requisitos e coas autorizacións necesarios para poder participar.
- Proporcionarlle ao interesado a información necesaria para que a súa participación se axuste a estes termos e condicións do concurso.
- Identificar os autores dos relatos gañadores.
- Comunicar a condición de gañador e entregar os premios correspondentes.
- Identificar en calquera momento os alumnos das distintas edicións do concurso e poder convidalos a eventos relacionados con outras edicións do concurso e mencionalos como antigos participantes.

Respecto dos datos facilitados polos alumnos que sexan seleccionados por cada centro escolar para participar na proba escrita da fase territorial e que, para ese efecto, cubran cos seus datos identificativos as cabeceiras dos folios oficiais do concurso nos que deberán escribir o relato, estes serán utilizados por CCIP en canto entidade colaboradora no desenvolvemento e na xestión do Concurso Coca-Cola Novos Talentos – Premio de Relato Curto única e exclusivamente coa finalidade de identificar os gañadores por medio do número de identificación que figura nos folios. Este número será o único que os identifique, xunto ao nome da súa provincia, que deberán escribir no espazo correspondente da folla, así como para lles comunicar a devandita condición e o premio obtido aos alumnos gañadores e aos centros correspondentes. As cabeceiras cos datos dos participantes que non superen a proba escrita serán destruídas por CCIP e non serán obxecto de tratamento baixo ningunha circunstancia. A participación na proba escrita significa que o participante consente o tratamento dos seus datos persoais nos termos sinalados. No caso de que sexa menor de 14 anos, este consentimento entenderase expresamente outorgado polos pais ou titores ao autorizar a súa participación no concurso ao centro escolar.

En relación cos datos dos concursantes vinculados á institución ONCE que precisen algunha necesidade educativa especial, CCIP tratará os datos de saúde que resulten estritamente necesarios para adoptar as medidas tendentes a facilitar a súa participación no Concurso Coca-Cola Novos Talentos – Premios de Relato Curto en igualdade de condicións que os demais participantes, así como para a entrega dos premios e para a adecuada xestión e organización das viaxes e cursos dos que, se é o caso, resulten gañadores. A participación na proba escrita significa que o participante consente o tratamento dos seus datos persoais nos termos sinalados. No caso de que sexa menor de 14 anos, este consentimento entenderase expresamente outorgado polos pais ou titores ao autorizar a súa participación no concurso ao centro escolar.

Os datos do alumno gañador da fase final do concurso trataranse coas seguintes finalidades:

- Comprobar a existencia das autorizacións pertinentes.
- Xestionar a organización das xornadas literarias multiculturais e as estancias que o interesado deba realizar.
- Cando proceda, xestionar a inscrición nas xornadas, nas viaxes e nas estancias correspondentes, así como nas restantes actividades, e calquera outra finalidade derivada da súa condición de gañador do concurso, segundo o establecido neste termos e condicións do concurso.

Os datos dos representantes dos centros escolares serán tratados por CCIP coas seguintes finalidades, que teñen carácter enunciativo pero non limitativo:

- Xestionar a súa inscrición e rexistro no concurso, para o que ademais o interesado deberá acceder e aceptar a política de privacidade e demais textos legais publicados no sitio web de CCIP.
- Xestionar a participación dos alumnos que representa no concurso e manter o contacto necesario para o seu correcto desenvolvemento e a súa participación nel.
- Proporcionarlle ao interesado a información necesaria para que a súa participación se axuste ás normas do concurso.
- No caso de que o alumno ao que o interesado representa fose premiado, os seus datos e, de ser o caso, os do seu acompañante serán tratados coa finalidade de xestionar adecuadamente as xornadas que o interesado deba realizar e que constitúen o premio do concurso de novos talentos.
- Identificar en calquera momento os representantes dos centros escolares das distintas edicións do concurso e poder enviarlles información sobre futuras edicións do concurso, así como sobre eventos e actividades relacionados con este, e mesmo convidalos a participar.

Así mesmo, infórmase de que os datos persoais do gañador final poderán ser cedidos, con carácter enunciativo pero non limitativo, a aquelas entidades que sexan contratadas para a organización das xornadas e das estancias obxecto do premio, tales como axencias de viaxe, hoteis, compañías áreas ou de transporte en xeral, mensaxería, compañías aseguradoras, así como outras terceiras entidades implicadas na xestión do premio obtido. Adicionalmente, cando o premio obtido sexa viaxar e acompañar o alumno gañador durante a súa participación no curso de creación literaria, comunicaránselle os datos necesarios á entidade encargada de impartilo.

En relación coas cesións descritas, CCIP informa o interesado de que, cando os destinatarios dos datos estean fóra do territorio do Espazo Económico Europeo, a comunicación dos referidos datos implicará a transferencia internacional de datos, co fin de executar as condicións establecidas nestes termos e condicións do concurso. Así mesmo, os seus datos poderán ser cedidos a Facenda para practicar a retención fiscal que, de ser o caso, corresponda, así como a xuíces, tribunais, asociacións de consumo ou terceiras persoas a quen CCIP se vise obrigada a comunicar a información, en caso de impugnación por parte do interesado ou de reclamación de calquera índole interposta por CCIP ou polo propio interesado.

b. Consentimento do interesado para o tratamento e a cesión dos seus datos

Dado o carácter obrigatorio do contido do tratamento dos datos persoais do interesado, a inscrición e a participación no concurso supón a plena aceptación expresa das finalidades de tratamento indicadas e de todas as cesións expostas dos seus datos. En relación cos menores de 14 anos, este consentimento entenderase outorgado expresamente polos pais ou tutores ao autorizar a súa participación no concurso ao centro escolar. Por tanto, se o interesado ou, se é o caso, os seus pais, tutores ou representantes legais non consenten algún tratamento e/ou cesión dos seus datos, deberá absterse de participar no concurso. Malia o anterior, en calquera momento o interesado ou o seu representante legal poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos indicados nestes termos e condicións do concurso.

c. Actualización dos datos

Ponse en coñecemento do interesado que, como titular dos datos proporcionados a CCIP, queda obrigado a lle comunicar no menor prazo de tempo a CCIP calquera variación destes, co fin de que a citada entidade poida proceder á súa actualización. En tanto non se lle comunique o contrario a CCIP, entenderase que os datos proporcionados polo interesado son exactos e actuais.

d. Comunicación de datos de terceiros por parte do interesado

No caso de que o interesado deba facilitar datos de carácter persoal referentes a terceiras persoas como acompañantes no gozo dalgún dos premios —incluído o dato da imaxe— ha de informar, con carácter previo á súa comunicación, os devanditos terceiros dos extremos que contén esta comunicación e, en todo caso, da finalidade da cesión. Para tales efectos, a comunicación de datos persoais de terceiros queda condicionada ao principio de necesidade e proporcionalidade e á comunicación de datos actuais e veraces, e require con carácter previo informar e solicitar o consentimento dos devanditos terceiros para o tratamento dos seus datos, salvo que exista unha habilitación legal para o efecto.

e. Exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición

Os participantes ou os seus representantes legais, os profesores e/ou os representantes dos centros escolares, os seus acompañantes e calquera outro interesado poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a Coca-Cola Iberian Partners, SA, e achegando unha fotocopia polas dúas caras do seu DNI, ao seguinte enderezo: Paseo de la Castellana, 259C, Torre Cristal planta 9.ª, 28046 Madrid.

11. Dereitos de imaxe

Durante a realización da proba escrita e nos actos de entrega de premios, así como durante o gozo dos distintos premios, a organización do concurso poderá realizar diversas fotografías e/ou gravacións audiovisuais da imaxe, así como entrevistas aos participantes, aos profesores e nalgúns casos aos familiares. Ademais, convidaranse os medios de comunicación nacionais e locais, polo que poderían publicarse ou emitirse o nome e os apelidos dos participantes e/ou dos representantes do centro escolar, así como a súa imaxe e a súa voz. Pola súa mera participación no concurso e/ou pola asistencia aos distintos actos, os participantes —coa autorización e co visto e prace dos seus pais ou titores—, os profesores e, se é o caso, os familiares autorizan a CCIP e/ou os distintos medios de comunicación a que publiquen o seu nome, voz e imaxe nos distintos soportes de comunicación —incluídos, xornais, revistas literarias, páxinas web, folletos informativos, vídeos promocionais etc—, coa intención de promover o concurso, así como de informar sobre o seu desenvolvemento.

Así mesmo, datos como o nome, os apelidos, o colexio, a cidade na que reside e a imaxe dos gañadores e dos representantes dos centros escolares e, se é o caso, dos acompañantes e/ou dos familiares, poderán publicarse tanto na páxina web do concurso coma en calquera outro medio de comunicación electrónico ou convencional. Para tales efectos, os gañadores e os seus representantes autorizan automaticamente a CCIP para que publique os seus datos persoais, incluída a imaxe, coa finalidade de lles dar a coñecer aos restantes participantes, e ao público en xeral, quen foron os alumnos gañadores.

CCIP informa os interesados de que o tratamento dos datos persoais descrito supón necesariamente a comunicación dos datos dos participantes, dos gañadores e dos seus representantes a calquera terceiro con acceso aos medios e canles de comunicación onde se reproduzan, publiquen ou comuniquen publicamente os datos dos interesados. Cando a reprodución, comunicación pública ou publicación dos datos persoais dos interesados se realice en medios de comunicación accesibles desde calquera país do mundo, tal como internet, o tratamento dos datos implicará que terceiros situados en países sen

normativa sobre protección de datos persoais, ou con normativa cun nivel de protección inferior ao dispensado pola normativa española, poderán acceder aos datos.

A participación dos interesados no concurso implica a autorización outorgada por si mesmos, ou ben polos seus pais, titores ou representantes legais, a CCIP para a captación e a reprodución da súa imaxe nos termos indicados, así como para o tratamento desta e dos datos dos interesados conforme ao previsto nesta cláusula. O consentimento prestado polo interesado permitiralle a CCIP o tratamento e o uso dos seus datos persoais, incluída a súa imaxe, de acordo coa Lei 1/1982, a través de medios electrónicos (internet) e/ou convencionais (papel, fotografías, vídeos e outros análogos) en calquera modalidade de explotación existente ou que se atope en fase de investigación e desenvolvemento, polo máximo de tempo legalmente permitido e para todos os territorios do mundo.

12. Todos os relatos elaborados polos participantes o día da proba escrita estarán á disposición dos autores para a súa devolución durante seis meses, unha vez que transcorran seis meses desde a entrega dos premios provinciais. CCIP enviará os relatos que soliciten os centros escolares por correo ordinario para a súa devolución.

Se no prazo de 6 meses + 6 meses, os relatos non clasificados non fosen reclamados, CCIP procederá á súa destrución.

No entanto, CCIP poderá gardar os relatos clasificados na fase provincial durante o prazo de cinco anos, unha vez que finalice o segundo período de seis meses.

13. As incidencias que poidan xurdir serán resoltas por CCIP.

ANEXO I

CLÁUSULA ESPECÍFICA PARA OS PARTICIPANTES VINCULADOS Á INSTITUCIÓN

Para facilitar a participación en igualdade de condicións dos alumnos con algunha necesidade educativa especial, poñeranse á disposición de todos aqueles que o precisen as adaptacións de acceso necesarias.

No caso dos alumnos con discapacidade visual, deberán redactar o traballo nas mesmas condicións ca o resto de alumnos, na clase e por escrito. Para iso, dispoñerán das adaptacións de acceso utilizadas nas súas tarefas escolares. Así mesmo, a ONCE comprométese a realizar a transcripción literal do traballo realizado. Ademais, deberáselles facilitar aos alumnos o tempo necesario, papel especial e a posibilidade de dispoñer de maior número de follas, xa que o sistema braille e os materiais que cómpre utilizar en tinta así o requiren.

Información máis detallada en
www.cocacola.es/concursojovenestamentos

ACTIVIDADE CULTURAL ORGANIZADA POR COCA-COLA IBERIAN PARTNERS, SA,
EMBOTELLADOR DOS PRODUTOS THE COCA-COLA COMPANY EN ESPAÑA E PORTUGAL

Termos e condicións do concurso depositados perante notario e en
www.cocacola.es/concursojovenestamentos. <http://www.cocacola.es/concursojovenestamentos>

ANEXO II

FOLLA DE INSCRICIÓN

COCA-COLA IBERIAN PARTNERS, SA
Organización 8º Concurso Coca-Cola Novos Talentos - Premio de Relato Curto

Estimados señores,

De acordo cos termos e condicións que regulan a 8º Edición do Concurso Coca-Cola Novos Talentos - Premio de Relato Curto, informámoslos de que os alumnos abaixo identificados foron seleccionados por este centro escolar para representar o centro na proba escrita, que terá lugar o vindeiro día 11 de marzo de 2016.

A través desta carta, confirmámoslles que os pais/titores dos dous menores autorizaron expresamente a participación do seu fillo/a no devandito concurso e que consentiron expresamente a comunicación e o tratamento dos datos persoais do seu fillo/a menor por parte de CCIP para que poida participar no concurso e gozar, se é o caso, dos premios que puidesen corresponderlles, de conformidade co establecido nos termos e condicións e nas bases do concurso.

Así mesmo, informámoslos de que os pais/titores autorizan a CCIP, durante os seis primeiros meses desde a concesión dos premios, a que se publique o relato do seu fillo/a que realice con motivo da súa participación no concurso en medios informativos, edicións dixitais, producións audiovisuais ou edición de libros e folletos como material didáctico do concurso, ou para calquera outro fin que CCIP estime conveniente, pero en ningún caso a utilización destes textos terá ánimo de lucro. Unha vez transcorrido ese prazo e de acordo co establecido nas bases, foron informados de que poderán solicitar a devolución do relato do seu fillo/a durante o prazo de seis meses.

Atentamente,

Nome e apelidos do profesor:

Data:

CENTRO ESCOLAR	
POBOACIÓN- SECTOR	
NOME PARTICIPANTE	
NOME PARTICIPANTE	

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), informámoslos de que os datos subministrados por medio deste documento serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de Coca-Cola Iberian Partners, SA, Paseo de la Castellana, 259C, Torre Cristal planta 9.ª, 28046 Madrid, coa finalidade de xestionar o Concurso Coca-Cola - Novos Talentos e de controlar a participación dos alumnos nesta edición.

Se o desexa, pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito, achegando unha fotocopia do DNI, ao enderezo antes citado.

Para máis información sobre a política de privacidade dos datos dos profesores e dos participantes no concurso, así como sobre calquera detalle acerca do seu desenvolvemento, poden consultar os termos e condicións e as bases en www.cocacola.es | <http://www.cocacola.es/concursojoventalentos> ou no 902 39 89 25.

** Cada folia utilizarase para cada unha das aulas do centro escolar

ANEXO III

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN DOS MENORES DE 14 ANOS 8º CONCURSO COCA-COLA NOVOS TALENTOS – PREMIO DE RELATO CURTO

Os abaixo asinantes,

NOME E APELIDOS:	
DOMICILIO:	
DNI:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	

Na súa calidade de pais/titores do menor participante no 8º Concurso Coca-Cola Novos Talentos – Premio de Relato Curto cuxos datos se recollen a continuación, que tamén asinan o presente documento:

NOME E APELIDOS:	
DNI:	
COLEXIO:	
CIDADE:	

Manifestan:

Que autorizan que o seu fillo/a participe no concurso, cuxos termos e condicións declaran coñecer e aceptar integramente, así como os seus plans de difusión e as condicións da participación do menor. De querer consultalos, estes termos e condicións están dispoñibles no sitio web www.cocacola.es/concursojovenestalentos, sen prexuízo de que se pode solicitar unha copia destes chamando ao número de teléfono 902 39 89 25 ou mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo notificaciones@cocacola.es.

Que consenten expresamente o tratamento dos datos persoais recollidos por medio deste documento, así como os do menor a quen representan, por parte de CCIP para que poida participar no concurso e gozar, de ser o caso, dos premios que puidesen corresponderlle, de conformidade co establecido nos termos e condicións do concurso, así como na cláusula informativa que figura nesta autorización.

Que autorizan a CCIP a publicar o relato do seu fillo/a que realice con motivo da súa participación no concurso en medios informativos, edicións dixitais, producións audiovisuais ou edición de libros e folletos como material didáctico do concurso, ou para calquera outro fin que Coca-Cola Iberia estime conveniente, pero en ningún caso a utilización destes textos terá ánimo de lucro.

Infórmase os pais de que, consonte a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), Coca-Cola Iberian Partners, SA, Paseo de la Castellana, 259C, Torre Cristal planta 9.ª, 28046 Madrid, os datos persoais recollidos por medio deste documento de autorización formarán parte dun ficheiro responsabilidade de CCIP, co fin de manter un rexistro das autorizacións paternas necesarias para que os alumnos menores de idade poidan participar no Concurso Novos Talentos e gozar dos premios que, se é o caso, lles sexan outorgados. Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito a Coca-Cola Iberian Partners, SA, achegando unha fotocopia polas dúas caras do seu DNI, ao seguinte enderezo: Paseo de la Castellana, 259C, Torre Cristal planta 9.ª, 28046 Madrid ou a aquel polo que se substitúa no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

E para que así conste onde proceda, expiden a presente autorización en

_____ de _____ de 20__

Asinado D./ D.^a _____
(Pai/nai/titor do menor)
DNI do que se acompaña fotocopia _____

Asinado D./ D.^a _____
(Pai/nai/titor do menor)
DNI do que se acompaña fotocopia _____

Asinado D./D.^a _____
(Menor de idade)
DNI do que se acompaña fotocopia _____

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A VIAXE
(unicamente para o alumno gañador do premio final)

8º CONCURSO COCA-COLA NOVOS TALENTOS
PREMIO DE RELATO CURTO

Os abaixo asinantes,

NOME E APELIDOS:	
DOMICILIO:	
DNI:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	

En calidade de pais/titores do menor que participa no 8º Concurso Coca-Cola Novos Talentos – Premio de Relato Curto, cuxos datos se recollen a continuación, que tamén asinan este documento:

NOME E APELIDOS:	
DNI:	
ESCOLA:	
CIDADE:	

Manifestan:

A través deste documento, expreso o meu consentimento como pai/titor, para que o meu fillo/a, como gañador do premio final do presente concurso, asista presencialmente ás xornadas literarias multiculturais que se celebrarán nunha cidade aínda por determinar dentro do territorio español, e que terán unha duración de 5 a 10 días. Para tales efectos, incorporo a esta autorización a documentación complementaria solicitada, nos termos e condicións do concurso, para que o meu fillo/para poida asistir ás referidas xornadas.

En especial, autorizo a que o meu fillo/para quede sometido á tutela da organización do concurso unha vez finalizada a gala previa das xornadas, despois da cal tanto os pais/titores coma os profesores acompañantes do menor deberán retornar ás súas cidades, mentres que os menores seguirán asistindo ás xornadas.

Non obstante, proclámome como único responsable da protección e custodia do meu fillo/a e asumo a responsabilidade de impedir o consumo, por parte do meu fillo/a, de substancias como alcol, tabaco ou outros estupefacientes, así como de evitar calquera situación de risco ou perigo para o menor que este poida padecer ou provocar directamente.

Declárome responsable único das referidas damnificacións e exonero a organización do concurso da custodia do menor.